



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DAS NEVES PARA A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DA COMPRA DOS TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA DE MAIORES NO EXERCICIO 2026.**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas maiores en situación de dependencia, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Que con carácter específico, lle corresponde, entre outras, a elaboración das políticas dirixidas ás persoas maiores en situación de dependencia en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención de carácter directo, para contribuír no financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, na compra dos terreos por parte do Concello das Neves para a construción dunha residencia de persoas maiores.

As actuacións a subvencionar son os investimentos correspondentes á adquisición dos terreos para a construción da residencia de maiores do Concello das Neves que terá una capacidade mínima de 70 usuarios.

O proxecto desenvolverase sobre dúas parcelas contiguas que, en conxunto, suman unha superficie de 11.137 metros cadrados, completamente urbanizables. Este espazo ofrece as condicións necesarias para a construción da residencia e a planificación de áreas complementarias que garanten un entorno seguro, funcional e agradable para os futuros residentes.

Da superficie total, destinaranse aproximadamente 4.000 m<sup>2</sup> á construción da residencia, incluíndo todas as instalacións necesarias para a atención integral das persoas maiores, tales como habitacións, áreas comúns, servizos médicos, administrativos e de ocio.

Reservaranse 3.000 m<sup>2</sup> para o desenvolvemento de zonas verdes, que proporcionarán espazos abertos, áreas de esparcemento e xardíns terapéuticos, promovendo a interacción social, o benestar emocional e a conexión coa natureza, elementos esenciais para a calidade de vida dos residentes.

A distribución proposta permite un uso eficiente do terreo, mantendo 3.137 m<sup>2</sup> dispoñibles para futuras ampliacións, accesos, estacionamentos e servizos complementario, ou para fins sociais.



As referencias catastrais das parcelas son 36034A020000010000HS e 36034A020006750000HU situadas no lugar da Cancela s/n en Tortoreos, As Neves (Pontevedra):

- Ref\_catastral 36034A020006750000HU sita no polígono 20 parcela 675 cunha superficie de 6.936 m<sup>2</sup>.
- Ref\_catastral 36034A020006750000HU sita no polígono 20 parcela 1 cunha superficie de 4.201 m<sup>2</sup>.

Para o cumprimento da finalidade prevista neste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade aportará **trescentos mil euros (300.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.05.312E.760.0 e C.P. 2015 491** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2026, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026.

O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radica no análise das circunstancias demográficas deste concello, da cobertura de servizos sociais públicos actuais e da estimación da poboación maior dependente que demandará un servizo asistencial.

Así pois, as razóns de interese público e social expostas, xunto co razoamento da singularidade do investimento e a exclusividade da colaboración co Concello de As Neves, xustifican a formalización dun convenio de colaboración con dita entidade local.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

